

Estimadas compañeiras e estimados compañeiros.

En primeiro lugar, esperamos dende os grupos de traballo das dúas materias de matemáticas da CiUG, que o curso actual estea a transcorrer o mellor posible. Aproveito esta ocasión para agradecer todas as mensaxes que recibín dende a publicación dos modelos de exame, con comentarios, suxestións e, como non, tamén algunha crítica construtiva.

Tal e como se indicou na circular informativa, un dos cambios para as PAU 2025 das nosas materias é que o primeiro exercicio das dúas probas corresponderase cun exercicio de carácter obrigatorio, do bloque de estatística e probabilidade. A introdución dunha pregunta obligatoria de carácter competencial é común para tódalas materias obxecto de exame nas PAU.

Nesa circular xa adiantamos que nos grupos de traballo traballaríamos na elaboración dunha serie de problemas do bloque de estatística e probabilidade, de carácter máis competencial, que esperamos sexan de utilidade para o profesorado e alumnado, pero que non deben considerarse problemas tipo PAU 2025. Dende esta semana están dispoñibles na páxina web da CiUG.

Como se pode ver hai exercicios con distinto nivel de complexidade, así coma de lonxitude nos seus enunciados. O noso obxectivo fundamental non foi elaborar unha serie de “problemas tipo PAU”, senón proporcionar exemplos que poidan servir como ferramenta para orientar ao profesorado e, por extensión, ao alumnado. O cambio que se pretende levar a cabo co modelo competencial, con enunciados máis contextualizados, trata de conseguir que o alumnado analice os datos que se presentan para extraer a información necesaria e así ser quen de resolver o problema, fomentando a reflexión e análise da coherencia dos resultados obtidos.

De novo, reitero a nosa dispoñibilidade ante calquera dúbida ou suxestión. Podedes dirixir as vosas consultas tanto a min coma ao resto de persoas que conforman os grupos de traballo.

Recíbide un saúdo moi cordial.

Lugo, novembro de 2024